

PLAN DIXITAL

CEIP de Currelos

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

Nome do centro: CEIP de Currelos.

Dirección: Vilaesteva S/N, 27547.

Correo electrónico: ceip.currelos@edu.xunta.gal

Páxina web: <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipcurrelos/>

Número de alumnado no curso 2021/2022: 19

Número de profesorado: 3

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O CEIP de Currelos atópase no concello de O Saviñao, no núcleo máis pequeno e menos poboado do concello, Currelos. Trátase dun colexio rural, no que a maioría de familias adícanse a traballos agrícolas e gandeiros. Socioeconómicamente estamos a falar de familias de nivel baixo ou medio baixo.

O PD neste centro terá como obxectivo principal fomentar o uso de ferramentas dixitais básicas e establecer uns patróns de uso funcionais básicos no alumnado do centro, tratando de incluír a todo o núcleo familiar.

Ata o de agora, o contexto dixital do centro estaba bastante abandonado. Neste actual curso 2022/2023 comezouse a traballar en aspectos moi básicos relacionados coas competencias dixitais. Tratouse de fomentar a CD do alumnado, reactivouse a aula virtual e máis a páxina web do centro, comezando a darlle maior uso como nexo de unión coas familias.

En canto ao vindeiro curso, serán obxectivos presentes na PXA o fomento da competencia dixital do profesorado do centro e do alumnado, a mellora das canles de comunicación a través de ferramentas dixitais entre a escola e as familias entre outros.

1.3. Breve xustificación do mesmo.

O PD xustifícase na necesidade de atender ás demandas crecentes da sociedade en cando a competencia dixital. Así o recolle a normativa actual, como e:

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022
- Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021-2022
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implantación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022

1.4. Proceso de elaboración

Este PD foi elaborado durante o curso 2021/2022, implicándose todo o claustro do colexio na súa elaboración, xa que era clara a necesidade de actualización neste eido. Todo este proceso foi guiado e coordinado polo coordinador de zona, que neste caso se trata de Fran Bouso.

O proceso partiu dun análise da situación actual, tanto do centro como do alumnado e do profesorado, e continuo o seu enfoque cara a elaboración deste plan, que busca dar resposta a todas esas necesidades.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

O centro conta cunha boa conexión á rede, tanto cableada coma sen fíos. Pola contra, a zona na que está localizada o colexio impide ter unha boa conexión de rede móbil.

O centro dispón do seguinte equipamento: tres aulas dotadas de ordenador portátil, canón proxector e pizarra dixital. Ademais, o despacho de dirección conta cun ordenador de mesa. Tamén se dispón dun dos kits enviados pola XUNTA para prestar ao alumando que carecía de medios durante os períodos de illamento. O dito kit é empregado para diversos usos do alumnado, sempre que non necesite ser usado para a súa función inicial. Polo resto, no centro existe outro equipamento xa descatalogado e en desuso que foi quedando polas aulas e que poderíamos valorar como inservible. e Recomendacións para este apartado] Indicar moi brevemente:

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.	3.2				
	Profesorado	3.6				
	Alumnado					
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	2.5				
	Profesorado	3.4				
	Alumnado	1				
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	2.9				
	Profesorado	2.9				
	Alumnado	3.3				
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	3.7				
	Profesorado	4.1				
	Alumnado					

E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	4				
	Profesorado	3.7				
	Alumnado					
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	2.8				
	Profesorado	3.5				
	Alumnado	3.3				
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	2.6				
	Profesorado	3.5				
	Alumnado					
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	2.4				
	Profesorado	3.2				
	Alumnado	3.4				

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	<u>2</u>	<u>2</u>	<u>100%</u>
PROVISIONAL			
INTERINO	<u>1</u>	<u>1</u>	<u>100%</u>
SUBSTITUTO			
DESPRAZADO			

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
<u>93,3</u>	<u>Integrador/a (B1)</u>	<u>76,4</u>	<u>Integrador/a (B1)</u>

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
EI	93,3	<u>Integrador/a (B1)</u>	<u>68,2</u>	<u>Integrador/a (B1)</u>
EP	<u>93,3</u>	<u>Integrador/a (B1)</u>	<u>77</u>	<u>Integrador/a (B1)</u>

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1		
A2	<u>1</u>	<u>33,3%</u>
B1		
B2	<u>2</u>	<u>66,7%</u>
C1		
C2		
TOTAL		

2.3. Análise DAFO

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	Espazos amplios. Boa conexión á rede. Biblioteca recién renovada. Aulas ben equipadas dixitalmente. Equipamento para as especialidades abundante e de calidade. Disponibilidade presupostaria.	Espazos fríos. Equipamenteo antigo, ao borde de deixar de ser funcional.
	PERSONAL DOCENTE	A maioría do profesorado está como definitivo no centro. Bo ambiente entre os compañeiros. A maioría dos mestres teñen boa competencia dixital.	Non hai especialista de música. Un docente nada formado en competencia dixital. Poucos recursos no tocante á atención das NEAE. Profesorado itinerante con poucas horas no centro.
	PERSONAL NON DOCENTE	Servizo de limpeza moi eficiente. Servizo de comedor con cociñeira.	Labores de persoal administrativo e de servizos asumidas polo profesorado.
	ALUMNADO	Baixa ratio de alumnado (educación individualizada). Aulas mixtas. Aspectos positivos (aprendizaxe colaborativo, tutoría entre iguais, a presenza de alumnado maior favorece o desenvolvemento dos máis pequenos...). Sentimento de pertenza a unha comunidade/ familia. Flexibilidade no proceso de ensino aprendizaxe.	Alumnado pouco motivado. Puntos de interese do alumnado sitúanse moi lonxe das escola. Aulas mixtas. Aspectos negativos. Diferenza de nivel entre unha mesma aula. Falta de alumnado do mesmo nivel.
	FAMILIAS	Boa comunicación coas familias.	Familias pouco implicadas. Familias pouco formadas en canto a competencia dixital. Conexión á rede a través de teléfono móbil e datos. Concedenlle pouca importancia á escola. A maioría das familias dependen dos avós para o coidado do alumnado.
	OFERTA	Servizo de comedor con coñeira. Servizo de transporte. Menús saudables. Prazas dispoñibles.	Baixa matrícula.
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	Organización de centro horizontal e sinxela.	Moitas funcións diversas repartidas entre os docentes.

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	Posibilidade de participación en variedade de programas (XOGADE...)	Carga administrativa recae nos docentes do centro.
	LEXISLACIÓN	Documentos de centro recentemente elaborados (actuais).	Cambio de lexislación a LOMLOE. Traballo extra.
	CONTORNA	Contorna por explotar a diversos niveis. Contorna natural agradable.	Contorna rural por explotar. Núcleos rurais illados. Pouca oferta extraescolar para as familias.
	ANPA	Posibilidade de reacción dunha nova ANPA.	ANPA existente pero sen funcionamento. Non hai unha continuidade do proceso dende o colexio cara o resto do ámbito familiar.

	OUTRAS ENTIDADES	Sinerxías cos axentes de dinamización da contorna: Concello de Escairon. Servizo de atención Temperá.	Apenas existen outras entidades que reforcen a labor do colexio.
--	-------------------------	--	---

3. Plan de Acción

O plan de Acción do PD ten como obxectivo dar resposta as necesidades e situacións de partida concretas deste centro.

Neste caso, os obxectivos que se formulan no Plan de Acción atenden a melloras sinxelas en diversos ámbitos, como o bo uso dos recursos dixitais por parte do profesorado e alumnado ou as ferramentas de comunicación dispoñibles para as familias. Cremos que son obxectivos realistas e que se adaptan á realidade actual do centro.

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Os obxectivos que se plasman a continuación foron seleccionados trala observación do DAFO deste centro. Por iso, escollemos obxectivos de áreas diversas pero ao mesmo tempo que consideramos de capital importancia, como pode ser o bo uso de ferramentas dixitais dende o punto de vista de ciberseguridade e dereitos de imaxe e autor, a promoción no ámbito familiar de ferramentas de comunicación que se empregan na escola, transparencia e por último o desenvolvemento dunha mellor competencia dixital a nivel xeral no noso alumnado.

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

A continuación incorpórase unha listaxe detallada do equipamento informático do que dispón o colexio.

Equipo	Localización	Expediente	Sistema operativo
Ordenador sobremesa HP Prodesk	Despacho dirección	Xuga 2016 Expediente 34/2016	Windows 10
Acer TravelMat/B	Uso en aula (equipo do kit dixital)	Programa educa en dixital Red-Ga-2021-1	Maqueta Abalar 18.4
HP Probook 6560b	Ordenador de titoría.	Xuga 2012 Expediente Red.es 040/11-14-06	Descoñecido (non acende)
Lenovo Thinkpad	Ordenador de titoría.	Xuga 2015 Expediente 102/2015	Debian Linux 3.16.0
HP Prodesk	Ordenador de titoría	Xuga 2016 Expediente 34/2016	Windows 10

Como se pode observar, é necesario renovar varios dos equipos arriba listados, así como cambiar o sistema operativo de dous dos que se están empregando actualmente para instalar a maqueta abalar que soporten ditos equipos. O Lenovo Thinkpad está sendo empregado pero está a piques de deixar de ser funcional debido aos tempos de carga.

Actualmente cúbrense as necesidades debido a que o profesorado do centro trae o seu ordenador portátil persoal ao colexio, podendo os outros ordenadores ser empregados polo alumnado.

Consideramos dende o centro que para desenvolver as accións previstas no Plan Dixital deberíamos ter polo menos o dobre de equipos que actualmente se atopan en uso no centro.

Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

Área/s de mellora: Pedagogía: Apoio e recursos.						
OBXECTIVO 1: (1)	Uso responsable de ferramentas dixitais dende a área de privacidade e seguridade.				Acadado	
Responsable:	Coordinador de centro do plan dixital.				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Porcentaxe de docentes que empregan ferramentas externas nos ámbitos nos que dispoñamos de ferramentas corporativas. Número de docentes que empregan maioritariamente ferramentas corporativas.					
Valor de partida: (3)	0%					
Valor previsto e data: (4)	60%			31/12/2022		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Identificar as ferramentas externas, usos e usuarios.	Coordinador de centro do plan dixital.	30/9/2022			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Valorar que funcións se poden levar a cabo a través de ferramentas máis seguras.	Coordinador de centro do plan dixital.	31/10/2022			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Implementación de ferramentas seguras.	Coordinador de centro do plan dixital.	30/11/2022			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: Colaboración e redes

OBXECTIVO 2: (1)	Aumentar o uso nas familias de ferramentas dixitais básicas relacionadas coa escola.		Acadado	
Responsable:	Titor de 1º e 2º de EP.		Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Visitas da páxina web do centro (contador). Porcentaxe de familias que empregan o servizo Abalar Móbil.			
Valor de partida: (3)	10%			
Valor previsto e data: (4)	50%		30/06/2023	

ACCIÓNS A DESENVOLVER

DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO2.1: Informar e animar ao uso cotián da páxina web como fonte de información e novas.	Titor de 1º e 2º de EP.	30/06/2023	Ordenadores. Conexión á rede.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.2: Informar sobre os usos da ferramenta Abalar Móbil.	Titor de 1º e 2º de EP.	30/06/2023			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.3: Uso de Abalar Móbil. Solicitude de titorías, recepción de mensaxes e boletíns de avaliación.	Titor de 1º e 2º de EP.	30/06/2023	Ordenador/teléfono. Conexión á rede.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: Colaboración e redes.

OBXECTIVO 3: (1)	Publicar a lexislación existente e os documentos de centro máis importantes a través da páxina web do centro.	Acadado
Responsable:	Coordinador de centro do plan dixital.	Non acadado
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Número de visitas que reciben as publicacións relativas a trámites administrativos ou lexislación na páxina web do centro.	
Valor de partida: (3)	0	
Valor previsto e data: (4)	9	30/06/2023

ACCIÓNS A DESENVOLVER

DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)
AO3.1: Recopilación da lexislación máis relevante para as familias, prazos, documentos etc.	Titores dos niveis de EP existentes no centro.	31/12/2022			Realizada
					Aprazada
					Pendente
AO3.2: Creación e deseño dun apartado para a súa consulta na páxina web, xunto con resumos e esquemas onde corresponda.	Titores dos niveis de EP existentes no centro.	03/04/2023			Realizada
					Aprazada
					Pendente
AO3.3: Posta en coñecemento das familias, animar á súa consulta cando corresponda.	Titores dos niveis de EP existentes no centro.	30/06/2023			Realizada
					Aprazada
					Pendente

4. Avaliación do plan

Para avaliar o máis obxectivamente posible tomaranse como referencia as táboas dos obxectivos que se poden ver no anterior apartado. Trataremos de adecuarnos a súa temporalización e buscaremos un proceso de traballo que nos permita ir reflexionando sobre o grao de consecución dos distintos indicadores. Para iso, buscaremos a solución que mellor se adapte ao noso día a día no colexio, que seguramente se basee en reunións periódicas.

Respectaremos tamén, as datas de temporalización e de finalización para establecer o grao de consecución dos diversos obxectivos.

5. Difusión do plan

Este plan dixital será presentado ao claustro para a súa aprobación, e unha vez o claustro se manifieste conforme pasaremos a presentalo ao consello escolar.

Unha vez aprobado en consello escolar, estará a disposición de calquera membro da comunidade educativa na páxina web